

Querida familia de Lois Pereiro
Señora tenente de Alcalde
Señora Concelleira de Cultura
Goberno municipal de Monforte de Lemos
Amigos e amigas

Non hai celebración máis acaída para un poeta que a de lle dar o nome á casa da cultura e biblioteca da súa vila natal, que é dar memoria á súa terra natal, alimentar as augas claras nas nacentes da nosa cultura, da súa memoria colectiva; por isto a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega mostramos a nosa gratitude ao goberno municipal pola súa sensibilidade e conciencia, por ter iniciativas que nos honran a todas e todos e que para as novas xeracións significa falarlles dende a íntima raíz da cultura que nos explica a nós mesmos e explica o mundo.

Pois, con palabras de García Márquez ao recibir o Premio Nobel, *a explicación da nosa realidade con esquemas alleos só contribúe a facernos cada vez máis descoñecidos e cada vez menos libres*.

Hoxe Lois Pereiro é para nós como o soñamos nos seus poemas. El que soñou para nós e fixo a luz na sombra do vivir diario, el que buscou na escondida claridade e con fermosa palabra enunciou os nomes máis descoñecidos da difícil liberade e as súas secretas dores. A poesía que, escrita coa *ardente paciencia* do poeta -que nos di Rimbaud- permitíranos entrar e conquistar de novo a saqueada Cidade interior que vive en nós e nos fará habitar de novo esta Terra coa luz, a xustiza e a dignidade que axudan nas ásperas tarefas humanas do vivir.

Así, hoxe, acollémonos aos seus poemas para que nos salven, nun tempo de tanta palabra branca e sen memoria do ser humano, que nos pon o frío nos ósos e nos fala coa súa seca boca.

Con Lois Pereiro entramos nus nesta a casa íntima do sentir e do saber que alimentará a palabra creadora, quizais porque a nosa vida só é a aprendizaxe dun soñar solidario que nos fai vulnerábeis á Beleza e ás dores alleas.

Neste día de celebración no que a luz é alta ave e humilde pardal ou rula, traémoslle, fraterno, un anaquiño de solpor de ría da Coruña, o mar de María Antonia e dende o Peirao de Santa Cruz tráíolle, permitíndeme, un voo de pardela que será hoxe aquí ás orelas do río Cabe cando el nos fala cos seus ollos grandes de neno para nos dicir: isto é luz, isto é sombra.

Abenzoada a mao túa, Lois Pereiro, que sementaches esta terra dunha alba de tenrura.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Monforte, Casa da Cultura "Poeta Lois Pereiro", 11 de abril de 2015*